

CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA

04-09  
SET.2011

# I ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS “CIDADE DA CULTURA”

- *Un espazo de convivencia entre artistas novos de diferentes procedencias*
- *Unha oportunidade de coñecer e traballar a carón de nomes consolidados no mundo da arte contemporánea*
- *Unha plataforma para presentar as creacións propias*

#### ARTISTAS PARTICIPANTES:

*Antonio Ballester, Daniel Canogar, Carles Congost, Victoria Diehl, Suso Fandiño, Pierre Gonnord, Cristina Lucas, Rubén Ramos Balsa, Fernando Sánchez Castillo, Jose Luís Serzo e Ana Soler.*

**100**  
*Artistas Novos*  
**6 Xornadas**  
*Programa e*  
**Estancia de balde**



*Cidade da Cultura  
de Galicia*

*Santiago de  
Compostela*

# Programa



fundación cidade  
da cultura de galicia



XUNTA  
DE GALICIA

# PROGRAMA

 | 2011

## XORNADA I Domingo, 4 de Setembro de 2011

18:00 – 24:00 h 22:00 h	Recepción de alumnos e entrega de documentación Cea – Benvida	Monte do Gozo Monte do Gozo
----------------------------	--	--------------------------------

## XORNADA II Luns, 5 de Setembro de 2011

09:00 h	Almorzo	Monte do Gozo
10:00 h	Recepción de Benvida <b>Roberto Varela Fariña</b> <i>Conselleiro de Cultura e Turismo, Xunta de Galicia</i>	Cidade da Cultura
10:15 h	Conferencia Inaugural <b>Rafael Doctor Roncero e Ignacio Santos Cidrás</b> <i>Directores, I Encontro de Artistas Novos</i>	Cidade da Cultura
11:00 h 12:30 h	Percorrido pola Cidade da Cultura de Galicia O autor e a súa obra <b>Rubén Ramos Balsa / Cristina Lucas</b>	Cidade da Cultura Cidade da Cultura
14:30 h 17:30 h 21:30 h	Pausa – Comida Foro Aberto – Sesión I Cea	Monte do Gozo Cidade da Cultura Monte do Gozo

## XORNADA III Martes, 6 de Setembro de 2011

09:00 h	Almorzo	Monte do Gozo
10:00 h	Conferencia <b>Miguel Von Haffe</b> <i>Director, CGAC</i>	CGAC
11:00 h 12:30 h	Percorrido polas exposicións do CGAC O autor e a súa obra <b>Antonio Ballester / José Luis Serzo</b>	CGAC Cidade da Cultura
14:30 h 17:30 h 21:30 h	Pausa – Comida Foro Aberto – Sesión II Cea	Monte do Gozo Cidade da Cultura Monte do Gozo

## XORNADA IV Mércores, 7 de Setembro de 2011

09:00 h	Almorzo	Monte do Gozo
10:00 h	Conferencia <b>Ana Soler</b> <i>Artista e Profesora, Faculade de BBAA de Pontevedra</i>	Cidade da Cultura
11:30 h	O autor e a súa obra <b>Fernando Sánchez Castillo / Suso Fandiño / Daniel Canogar</b>	Cidade da Cultura
14:30 h 17:30 h 21:30 h	Pausa – Comida Foro Aberto – Sesión III Cea	Monte do Gozo Cidade da Cultura Monte do Gozo

## XORNADA V Xoves, 8 de Setembro de 2011

09:00 h	Almorzo	Monte do Gozo
10:00 h	Conferencia <b>David Barro</b> <i>Comisario independente e Editor, DARDO DS</i>	Cidade da Cultura
11:30 h	O autor e a súa obra <b>Carles Congost / Victoria Diehl / Pierre Gonnord</b>	Cidade da Cultura
14:30 h	Pausa – Comida	Monte do Gozo
16:30 h	Saída de autobuses - Saída: Vigo	Monte do Gozo
18:00 h	Conferencia Monte do Gozo <b>Iñaki Martínez Antelo</b> <i>Director, MARCO</i>	MARCO - Vigo
19:00 h	Percorrido polas exposicións do MARCO	MARCO - Vigo
23:00 h	Saída de Autobuses – Regreso	MARCO - Vigo

## XORNADA VI Venres, 9 de Setembro de 2011

09:00 h	Almorzo	Monte do Gozo
10:00 h	Debate - Posta en común	Cidade da Cultura
11:30 h	Conclusións	Cidade da Cultura
12:00 h	Entrega de Diplomas	Cidade da Cultura
14:30 h	Comida – Clausura	Monte do Gozo

## ANTONIO BALLESTER 1977, Madrid

Despois de licenciarse en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid (UCM), realiza estudos de posgrao na Universität der Künste de Berlín con Lothar Baumgarten. Na produción da súa obra toma como punto de partida referentes propios, desde obxectos cotiáns ata alusións culturais do ámbito musical, o cine ou a literatura. Interesado polo folclore en calquera das súas expresións e modalidades, así como polos usos e costumes populares, as súas pinturas e debuxos están inzados de motivos tirados do patchwork, os bordados, a azulexaría e a cerámica, e que en última instancia lle permiten desenvolver unha ampla investigación de carácter antropolóxico. Con tal fin emprega unha técnica desprexuízada na que subxace a idea de liberdade propia do trazo infantil, da arte dos dementes ou do mesmo art brut de Jean Dubuffet ou Michel Tapié. Entre as súas exposicións individuais máis destacadas están No Future (MAISTERRAVALBUENA, Madrid, 2011), Gallo rojo, gallo negro (MUSAC –Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León– 2008), Bärkostum (Peres Projects Berlin, 2008), Hunter House & Bear Suit Number Two (Peres Projects Los Angeles, 2008) ou Clean Sponsors (Centro de Arte Joven, Madrid, 2003). Igualmente a súa obra ten estado presente noutras tantas mostras individuais, tales como Antes Que Todo (CA2M –Centro de Arte 2 de Maio–, Móstoles, 2010) ou Entresijos y Gallinejas (Centre d'Art Santa Mònica de Barcelona, 2007).

## CARLES CONGOST 1970, Olot (Xirona)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Barcelona (UB), o seu traballo emprega indistintamente o vídeo, a fotografía e a instalación como soporte sobre o que artellar un complexo e irónico discurso sobre os sistemas de produción artística e os seus intercambios. Mediante a posta en escena de imaxes que aluden ao mundo do pop, ao universo adolescente e á cultura de masas en xeral, reflexiona sobre cuestións que percorren desde a propia práctica artística ata fenómenos como o da construción dos ídolos e estrelas a través dos mass media. Da súa traxectoria expositiva cabe destacar as mostras individuais realizadas nalgúns dos centros máis destacados da creación contemporánea, coma Country Girls (Fundación Miró, Barcelona: Espai 13, 2000), That's my impression! (CAAC –Centro Andaluz de Arte Contemporáneo–, Sevilla, 2001), Popcorn Love (MNCARS –Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía–, Espacio Uno, 2001), Un mystique determinado (Fundación Bilbao Arte, 2003) ou Memorias de Arkan (Centre d'Art Santa Mònica de Barcelona, 2005). Das colectivas, participou en Inter-zona (Palau de la Virreina, Barcelona, 2000), Big Sur–Arte Nuevo Español (Hamburger Bahnhof, 2002), Video Invitational (fa projects, Londres, 2003), The Real Royal Trip... by the Arts (PSI/MoMA–Museum of Modern Art, Nueva York, 2003) e Live (Palais de Tokyo, París, 2004).

## DANIEL CANOGAR 1964, Madrid

Obtén a Licenciatura en Ciencias da Imaxe pola Universidade Complutense de Madrid (UCM) e posteriormente o Master in Fine Arts coa especialidade de Fotografía polo International Center of Photography de Nova York adscrito á New York University (NYU). Os seus traballos máis recentes están realizados, en palabras do propio artista, «con material electrónico atopado en vertedoiros de lixo e centros de reciclaxe» e «exploran a curta vida das tecnoloxías que refugamos e a súa relación coa mortalidade», dan «vida a estes materiais que morreron, amosan os seus segredos, reavivan a memoria colectiva que conteñen para construír e retratar unha sociedade e unha época». Desde o inicio da súa carreira artística a súa obra expúxose nos principais museos, tales como o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (MNCARS), o MUSAC (Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León), o Hamburger Bahnhof ou o Wexner Center for the Arts. As súas instalacións máis recentes víronse no American Museum of Natural History de Nova York (The Art of Brain, 2011) e o Sundance Film Festival (New Frontiers, 2011). Paralelamente ao seu traballo e sempre en relación co seu proxecto artístico, desenvolveu labores de investigación que materializou en numerosos ensaios e publicacións como Ingrávidos (Fundación Telefónica, 2003) ou Ciudades Efímeras: Exposiciones Universales, Espectáculo y Tecnología (Julio Ollero, 1992).

## VICTORIA DIEHL 1978, A Coruña

Licenciouse en Belas Artes pola Universidade de Vigo en 2006 e, tras obter unha bolsa do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, realiza unha estadía na Academia de España en Roma que influirá substancialmente na súa produción artística. Unindo as novas técnicas dixitais e os máis antigos mitos, elabora as súas series de imaxes centradas nunha revisión da escultura clásica pero dando un xiro ao seu significado desde o que podería ser unha reinterpretación fotográfica do obxecto escultórico cara a unha reencarnación dos corpos. Series con títulos como Vida e morte das estatuas (2003 – 2004) e Vanitas (2005) evidencian non só as súas intencións, senón as súas influencias procedentes da estatuaría grecorromana –entre cuxos modelos máis latentes están Santa Teresa en éxtase de Bernini ou o David de Miguel Anxo–, dando como resultado un traballo que une a lenda e a tecnoloxía, o imaxinario e a fría construción dun traballo seriado. O seu traballo puido verse en exposicións individuais tales como O corpo (Domus, A Coruña, 2011), El cuerpo vulnerable (Palacio Guevara, Lorca, 2010) ou Dalla Carne a la Pietra (Instituto Cervantes, Milán, 2007) ou as colectivas Espindo a Eva. Creadores dos séculos XX e XXI (MNAC –Muzeul Național de Artă Contemporană–, Bucarest, 2011) e Estancias, resistencias y presencias (TEA –Tenerife, Espacio de las Artes– 2010).

## SUSO FANDIÑO 1971, Santiago de Compostela

Tras licenciarse en Historia da Arte pola USC (Universidade de Santiago de Compostela), decidiu facelo en Belas Artes pola Universidade de Vigo. En 2002 leu a súa tese de doutoramento no Departamento de Escultura desta universidade, co título Do artista ao xerador de ocio. Desde os seus comezos como artista, a súa obra situouse nun lugar de fractura, reflexionando ironicamente sobre o artista como construto social e pervertendo a historia da arte a partir dun apropiacionismo múltiple que o leva a traballar cos máis diversos soportes e a manexar case todas as disciplinas posibles, como a instalación, o vídeo, a pintura ou o debuxo. O seu traballo expúxose tanto en exposicións individuais –Album (Zona C, Santiago de Compostela, 2007), A Dazzling Display of Talent (Galería T20, Murcia, 2006)–, como colectivas –Emporios invisibles (Fundación Eugenio Granell, Santiago de Compostela, 2006), No principio era a viaxe (Bial Internacional de Arte de Pontevedra, 2005)–. Entre os seus proxectos máis recentes cómpre destacar o realizado en 2008 para o Espazo Anexo do MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), onde a través de dous coches brancos da marca Citroën sostidos nun muro, o artista especulou sobre o contexto próximo da obra, do espectador, do espazo do museo e da cidade de Vigo.

## CRISTINA LUCAS 1973, Xaén

Tras licenciarse en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid (UCM), obtén o Master on Fine Arts pola UCI (University of California, Irvine). Desde hai máis dunha década, a través de diferentes medios como a acción e o happening primeiro e a instalación, a fotografía, o vídeo ou o debuxo despois, vén creando obras que cuestionan e confrontan os mecanismos de poder, as súas institucións e os procesos de subxectivización que estes xeran, sobre todo aqueles que colaboraron na histórica xerarquía de xéneros. A partir de narrativas satíricas e imaxes fantasiosas, o artista leva o espectador a reflexionar sobre o patriarcado, o sexismo, a domesticación e a constante loita das mulleres para que a súa representación na esfera pública non se asimile unicamente na súa inclusión lexislativa, senón na modificación cultural das sociedades. Na súa xa dilatada traxectoria expositiva cómpre salientar, entre as súas mostras individuais, Light Years (MACG–Museo de Arte Carrillo Gil, Mexico DF, 2010; CA2M–Centro de Arte 2 de Mayo, Móstoles, 2009) ou Talk (Stedelijk Museum, Schiedam, 2008). Igualmente, a súa obra formou parte de importantes exposicións colectivas tales como Tracking Traces (Kiasma, Helsinki, 2009), En Vivo Encuentro (Bial de San Paulo, 2008), Optimism in the age of global war (Istanbul Bial, 2007) ou Existencias (MUSAC –Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León– 2007).

## PIERRE GONNORD 1963, Cholet, Francia

Afincado en España desde mediada a década dos oitenta. Xa no tardío comezo da súa traxectoria como fotógrafo tivo claro cal sería o obxecto de estudo e principal protagonista do seu traballo: o rostro humano. Comezou retratando persoas pouco correntes polo seu aspecto. As súas capturas resultaban de grande impacto non só polas características físicas dos modelos, senón pola técnica utilizada, que illaba o personaxe nun contorno baleiro, con fondos practicamente neutros que proporcionaban unha gran nudez entre a obra e o espectador e incitaban ao esvaecemento da fisicidade como obstáculo para concentrarse na procura da alma de cada un dos personaxes. Aínda que o xeito de presentalos seguiu sendo o mesmo, posteriormente pasou a retratar personaxes da rúa, marxinados e mendigos cuxos rostros reflectían ante todo vidas cheas de intensidade e dureza. En 2009 presentou a súa serie Terre de personne, onde os protagonistas procedían do medio rural das aldeas do norte de España e Portugal. O fotógrafo compartiu con eles o día a día ata chegar a comprender ata que punto eran distintas aquelas persoas sen contacto ningún coas cidades e os seus convencionalismos. Foi neste traballo cando introduciu unha novidade engadida: aos retratos de persoas sumoulles os retratos das paisaxes coma contorna hostil que curtira e formara as súas personalidades.

## RUBEN RAMOS BALSA 1978, Santiago de Compostela

En 2001 licénciase en Belas Artes coa especialidade de Escultura pola Universidade de Vigo. Nas súas fotografías, vídeos e instalacións adoita traballar sobre o valor dos momentos intranscendentes e a súa perdurabilidade. Os detalles da natureza, as reviravoltas da intimidade e o contorno cotián son, polo xeral, gran parte dos asuntos que centran unha produción que escolle como escenarios os lugares onde as cousas, só perceptibles baixo a ollada microscópica, se converten nas verdadeiras protagonistas. Ademais de pola súa coherente traxectoria, a súa carreira artística viuse avalada pola pronta atención internacional que recibiu a súa obra, participando en certames internacionais como a recentemente celebrada Singapore Biennale ou formando parte da representación do pavillón español na Biennale di Venezia en 2007. Entre as súas exposicións individuais cómpre mencionar algunhas como Jeux de Vision (Le Parvis, centre d'art contemporain, Ibos, 2008), Vasos en mesas con sillas (Galería Fúcares, Madrid, 2006), Dípticos do mesmo (Galería Mario Sequeira, Braga, 2004) ou Acontecementos e rexistros (Centro Torrente Ballester, Ferrol, 2003). Asemade, a súa obra estivo presente noutras tantas exposicións individuais como Orquesta de músicos callejeros (MACUF –Museo de Arte Contemporáneo Unión Fenosa–, A Coruña, 2009), SIM-CINEMA (Itau Cultural, San Paulo, 2008) ou Tiempo al tiempo/Taking Time (MARCO –Museo de Arte Contemporáneo de Vigo– 2007).

# CONFERENCIANTES

## FERNANDO SÁNCHEZ CASTILLO

1970, Madrid

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid (UCM) e Máster en Filosofía e Estética na Universidade Autónoma de Madrid (UAM), a súa práctica artística móvese no terreo do conceptual. A través da escultura, o debuxo e o vídeo reflexiona sobre como se pode transformar o status do poder na arte, coa intención de modificar os usos sociais e políticos previamente consensuados, dotando a este proceso dunha mirada comprometida sobre acontecementos históricos e gobernamentais. No proceso alude á memoria histórica colectiva pondo en evidencia o poder que aínda teñen determinados símbolos na nosa sociedade. Na súa especial fascinación pola historia de España —e máis concretamente polos períodos da guerra civil e a posguerra—, o monumento, a documentación, o espazo público ou a tradición convértese nas ferramentas para desenterrar o pasado recente. A súa foi revisada en profundidade en proxectos como *The unresolved tension between two forms of resistance* (De Vleeshal, Middelburg, 2008), *Abajo la inteligencia* (MUSAC –Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León– 2007), *Manu Militari* (Centre d'Art Santa Mònica, Barcelona, 2006), ou *De héroes y Venus* (Fundació Pilar i Joan Miró, Palma de Mallorca, 2005). Tamén participou noutras tantas mostras colectivas como as bienais de Istambul (2007), São Paulo (2005) e Sevilla (2004).

## JOSÉ LUIS SERZO

1977, Albacete

O seu traballo foi recoñecido sobre todo polas súas grandes «exposicións-relato», nas que non se limita á simple mostra das súas pinturas, senón que lles dá forma e vida cunha coidada posta en escena onde teñen cabida todo tipo de disciplinas —debuxo, fotografía, escultura, vídeo ou literatura— que terminan por narrar historias onde a realidade e a imaxinación van da man nun universo estético cargado dunha simboloxía moi persoal. Clasifica as súas obras en proxectos aos que asigna títulos tan estraños como atractivos: *Post Show*, *El fantástico vuelo del hombre-cometa*, *Thewelcome*, *Los sueños de I Ming* o *Familiasia*. Os seus personaxes, moitas veces sacados da xente que o rodea ou dos seus propios familiares, transpórtannos por mundos insólitos cheos de cor e un escuro onirismo ao que hai que sumar certo sentido do humor e moita maxia.

As súas historias téñense contado en innumerables exposicións individuais tales como *Thewelcome III*, *El Regreso de la Maravilla*, *Extraños Sucesos en la Mancha* (Galería Aleph, Ciudad Real, 2010), *Los sueños de I Ming*, *el pequeño amarillo* (Sala Rivadavia, Cádiz, 2008) ou *El Fantástico vuelo del hombre-corneta* (Museo de Albacete, 2004). Igualmente, puideron verse noutras tantas colectivas como *MAP –Multi Art Program–* (Tabakalera, San Sebastián, 2005) ou *Floor Shots* (Kunstbunker Tumulka, Múnic, 2003).

## DAVID BARRO

1974, Ferrol (A Coruña)

O editor de DARDO, codirector —co brasileiro Paulo Reis— de DARDO magazine e crítico de *El Cultural* (*El Mundo*) desde 1998, licenciouse en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 1997. Desde entón a súa traxectoria profesional estivo estreitamente vinculada ao mundo editorial como fundador e director das revistas *InteresArte* (1998) e *[W]art* (2003–05), director de *Arte y Parte* (1998–1999), membro desde 2003 do Consello Editorial de *Grial* (Galaxia) e desde 2009 do Obradoiro (COAG-Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia) e como colaborador de *Lápiz*, *masdearte.com* ou *ARCO Noticias*. Como comisario organizou exposicións individuais de artistas como Julian Opie, Caio Reisewitz, Baltazar Torres ou Sandra Cinto e outras tantas colectivas entre as que cómpre mencionar *El espejo que huye* (Centro Cultural Cajastur Palacio de Revillagigedo, Gijón, 2009), *Sen título*. *A arte do século XX na Colección Berardo* (Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2006), *Seducidos polo accidente* (Fundación Luís Seoane, A Coruña, 2005) ou *Outras alternativas*. Novas experiencias visuais en Portugal (MARCO –Museo de Arte Contemporáneo de Vigo– 2004). Foi director artístico no ano 2010 do proxecto *Look Up! Natural Porto Art Show* (Porto) e da feira de arte *Espazo Atlántico* (Vigo) e, en 2011, do *SOS 4.8* (Festival Internacional de Acción Artística Sostenible, Murcia).

## MIGUEL VON HAFE PÉREZ

1967, Porto, Portugal

Actual director do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea) desde 2009, é Licenciado en Historia da Arte pola Universidade do Porto (UP). A súa carreira profesional comeza na Fundação Serralves en 1989, á que seguiu, entre 1995 e 1998, a dirección da Fundação Cupertino de Miranda en Vila Nova de Famalicão. Entre 1999 e 2001 foi o máximo responsable da Sección de Artes Visuais e Arquitectura de Porto 2001, Capital Europea da Cultura, onde programou máis de 20 exposicións e foi parte do equipo curatorial —con João Fernandes, Bartomeu Mari e Vicente Todoli— de *Squatters/Ocupações*. De 2003 a 2005 formou parte do equipo de comisarios asesores do Centre d'Art Santa Mònica de Barcelona, desde onde referendou os proxectos de artistas como Antoni Abad, Helena Almeida ou Runa Islam.

Como comisario codirixiu en dúas ocasións a Bienal Internacional de Arte de Pontevedra —en 1998 con Alberto González Alegre e en 2004 con David G. Torres—, o pavillón portugués da Bienal de São Paulo co artista João Tabarra en 2002 ou —xunto a Vicente Todolí— *Thirteen Laughing at Each Other* do artista Juan Muñoz (Jardim da Cordoaria, Porto, 2001). Entre 2002 e 2009 traballou desde a Fundação Ilídio Pinho en *www.ananese.pt*, un arquivo dixital da escena artística contemporánea de Portugal.

## IÑAKI MARTÍNEZ ANTELO

1969, Santiago de Compostela (A Coruña)

Tras licenciarse en Historia da Arte pola USC (Universidade de Santiago de Compostela) obtén o Máster en Estética e Teoría da Arte polo Instituto de Estética adscrito á UAM (Universidade Autónoma de Madrid). Comeza a súa carreira profesional en 1996 no CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea), e, despois de dous anos, asume o posto de coordinador de exposicións do Auditorio de Galicia na cidade de Santiago de Compostela. En 2002 múdase a Barcelona para asumir o posto de coordinador de actividades culturais de Casa Asia. Xa no ano 2003 volve a Galicia, esta vez como responsable de exposicións no recentemente inaugurado MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), centro do que se converterá en director en 2005 e cuxas funcións aínda continúa a exercer hoxe. Ao seu cargo, o museo, aínda amosando unha certa continuidade co proxecto anterior, sufriu algunhas das transformacións máis importantes no que a súa programación se refire, pois tras seis anos realizando exclusivamente exposicións colectivas, inaugurou unha nova liña expositiva de mostras individuais coa de Santiago Sierra —que el mesmo comisariou—, á que lle seguiron as dos artistas Jorge Barbi, Candida Höfer e a retrospectiva do fotógrafo galego Virxilio Viéitez.

A comezos de 2011 foi elixido director da Asociación Española de Directores de Arte Contemporánea de España (ADACE).

## ANA SOLER BAENA

1972, Sevilla

Licenciada nas especialidades de Deseño e Gravado e Doutora en Belas Artes pola Universidade de Sevilla (US), desde o ano 2000 é profesora na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.

Desde o comezo da súa carreira profesional compaxinou a súa actividade artística coa investigación e a docencia. Actualmente traballa co grupo de investigación *dx5—digital & graphic art research*, adscrito á Área de Técnicas Gráficas do Departamento de Debuxo da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Fundado por Kako Castro Muñiz en 2004, e á que se une en 2006 Ana Soler asumindo conxuntamente os labores de codirección e coordinación, as liñas de investigación do grupo —integrado por Anne Heyvaert, Elena Lapeña, Marina Núñez, Andrea Outeiral, Sheila Pazos e José Andrés Santiago—, xiran en torno á gráfica contemporánea. Na actualidade concentran os seus esforzos na procura e achega de instrumentos e estratexias innovadores adaptando e optimizando os sistemas e procesos da maquinaria industrial actual que permitan definir contornos novos. Sen desvincular a súa actividade investigadora da súa produción artística, a súa obra viuse en importantes mostras tanto individuais —*Pide un deseo* (Centro Huarte de Arte Contemporáneo, Pamplona, 2008), *Cicatrices invisibles* (MACUF –Museo de Arte Contemporáneo Unión FENOSA–, A Coruña, 2008)—, como colectivas —*6+6*. *Escalas* (Fundación Carlos de Amberes, Madrid, 2008)—.

# DIRECTORES

## **RAFAEL DOCTOR RONCERO**

*1966, Calzada de Calatrava (Ciudad Real)*

Licenciado en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid (UCM), a súa traxectoria sempre estivo estreitamente vinculada á xestión cultural e á creación contemporánea.

En 1993 comeza a encargarse da programación expositiva do Canal de Isabel II da Comunidade de Madrid, ata que en 1997 pasa a crear e dirixir o «Espacio Uno» do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (MNCARS). Xa en 2001, diseña a programación cultural de Casa América e en 2002 ponse á fronte do MUSAC (Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León), do que foi director ata comezos de 2009. Como comisario realizou proxectos expositivos tan relevantes como *La noche en blanco* (Madrid, 2009), *Ofelias y Ulises*. En torno al arte español contemporáneo (*La Biennale di Venezia*, 2001) ou *Apricots along the street*, coa artista Pipilotti Rist (MNCARS, 2001).

Desde que en 1989 fundara Apartado 14.479, o seu labor no campo editorial é igualmente salientable: é creador de coleccións como *Arte sobre papel* (Coydis) e *Tf. Foto* (Tf Editores) ou autor de libros relacionados coa fotografía — da que é concienzudo coleccionista — como *Una historia (otra) de la Fotografía* (Caja Madrid, 2000), *Historias de las Fotografías* (Taller de Arte, 2002), *o FotoRamblas. Boxeadores, luchadores, variedades y otras imágenes de un estudio de Barcelona* (Tf Editores, 2002).

## **IGNACIOS SANTOS CIDRÁS**

*1970, Bueu (Pontevedra)*

Director da unidade de Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia desde abril de 2011, obtén en 1993 a Licenciatura en Psicología Social e do Traballo pola USC (Universidade de Santiago de Compostela). Desde entón a súa traxectoria profesional centrouse no campo da xestión cultural e a organización de eventos relacionados coa creación contemporánea.

De 2002 a 2009, foi codirector de Maraworld, onde foi responsable do lanzamento internacional e o posicionamento como referente no panorama cultural europeo do proxecto estrela da empresa, o FIB (Festival Internacional de Benicàssim). Inmediatamente despois volve a Galicia para ocupar o cargo de director xerente da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, desde a que realizou a programación cultural para a celebración do pasado Ano Xacobeo 2010.

Paralelamente desenvolveu proxectos máis persoais para outras institucións e axentes culturais nacionais e internacionais como o Programa Cultura 2000 da Unión Europea, a Comunidade Valenciana, o concello de Madrid, *PhotoEspaña* ou o MUSAC (Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León), onde codirixiu xunto a Rafael Doctor a exposición e publicación *Benicàssim. El Festival* (ACTAR Barcelona/New York & MUSAC, 2008) e colaborou na edición de *Rock Diary*, co deseñador e fotógrafo Hedi Slimane (jrp|ringer & MUSAC, 2008).

